

“BASES DO “CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CALENDARIO GALEGO DE PONTEAREAS 2020”

1. Obxecto

O Concello de Ponteareas convoca o “Concurso de Fotografía Calendario Galego de Ponteareas 2020” coa finalidade de seleccionar as fotografías que formarán parte do calendario municipal que o Concello de Ponteareas edita desde hai anos.

As fotografías gañadoras serán publicadas no Calendario Galego de Ponteareas.

2. Participantes

O concurso é de participación aberta e nel poderá participar calquera persoa nada antes de 2004.

Cada participante poderá enviar ata un máximo de 5 fotografías.

A participación neste concurso comporta:

- A declaración expresa das persoas participantes de que posúen os dereitos de autoría sobre as fotografías presentadas ao concurso.
- A declaración expresa das persoas participantes de que, no caso de resultar elixidas as súas fotografías, cederán gratuitamente ao Concello de Ponteareas os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación por calquera modalidade, sobre elas, sen máis limitación de medios, tempo ou espazo xeográfico que as legalmente establecidas.
- A declaración expresa por parte das persoas participantes de que quedan informados e autorizan o tratamento dos seus datos persoais. As persoas participantes poderán acceder, rectificar ou

cancelar tales datos, así como exercer o seu dereito de oposición, nos termos establecidos na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, mediante un escrito dirixido ao Concello de Ponteareas.

3, Temática

O tema das fotografías debe estar relacionado co concello de Ponteareas: paisaxe, urbanismo, eventos, monumentos, festas e romarías.

4. Características das fotografías

- Terán formato jpg ou tiff.
- Formato apaisado/horizontal, cun tamaño mínimo de 2600 x 1800 píxeles.
- Non poderán levar ningunha marca identificativa do autor ou autora.
- As fotografías deberán ser orixinais e inéditas.
- As fotografías non foron presentadas a outro concurso.
- As persoas concursantes deben ser as únicas titulares dos dereitos de autor das fotografías presentadas e teñen que estar feitas legalmente.
- Non se admitirán aquelas fotografías nas que se utilizasen imaxes, ou plaxios de imaxes, doutros autores e autoras ou institucións.
- Excluíranse as fotografías que conteñan algún tipo de connotación sexista, xenófoba, racista ou ofensiva contra as persoas ou as institucións.

- As fotografías orixinais poden sufrir pequenas variacións por condicións de impresión e para a súa adaptación ao formato do calendario.

5, Presentación

As fotografías deberán enviarse como arquivo adxunto dun correo electrónico, ou por wetransfer.com, ao seguinte enderezo de correo electrónico: concursofotografico@ponteareas.gal

No correo electrónico indicárase o seguinte:

Asunto: "Concurso de Fotografía Calendario Galego de Ponteareas 2020"

Neste correo enviarase tamén a solicitude de participación no concurso (que se poderá descargar da páxina web municipal) na que figurarán os datos persoais, xunto cunha copia do DNI.

Se a persoa é menor de idade, deberá enviar a solicitude de participación e unha autorización de participación no concurso (que se poderá descargar da páxina web municipal) asinada polo pai/ nai ou titor ou titora legal, así como a copia do DNI do menor e da persoa que autoriza a participación.

Os arquivos das fotos deberán incluír un título e a localización da fotografía.

6. Xurado

O xurado estará formado polo alcalde ou persoa na que este delegue, en calidade de presidente, catro vogais e un traballador do Concello de Ponteareas, que asistirá en calidade de secretario, con voz e sen voto.

O presidente ou presidenta do xurado terá voto de calidade naqueles supostos que se consideren necesarios.

O xurado seleccionará as fotografías gañadoras que se publicarán no calendario. A decisión do xurado será inapelable e mesmo poderá deixar deserto o concurso. O fallo será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas.

7. Prazo

O prazo de admisión de fotografías abranguerá desde o día 19 de setembro ao día 8 de novembro de 2019.

8. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria. A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao xurado.”

Para máis información:

Departamento de Cultura: 986 66 16 74

Servizo de Normalización Lingüística: 687 76 45 75